

## Os Irmandiños

---

No século XV a maior parte da xente en Galicia, vivía no campo traballando a terra, pero hai tamén, xa nesa época, moitos galegos que exercían un oficio. Eran os burgueses e burguesas, coñecidos hoxe por este nome por viviren nos burgos (vilas e cidades, como Ribadavia, Betanzos ou Compostela). Estes zapateiros, xastres, barbeiros, taberneiras, modistas, etc. dispoñían ademais dalgunha horta arredor da cidade, que traballaban fora de horas. Desta maneira co que sacaban do oficio, uns cantos marabedís, e cos catro repolos que collían na horta ían vivindo.

Ademais de campesiños e burgueses había en Galicia outra clase de xente, seica da mais alta liñaxe, que residía en poderosos castelos. Eran os señores feudais.

A liñaxe e toda a parentela que ten un, tanto antepasados, pais, avós, bisavós, etc. coma descendentes, fillos, netos, bisnetos, etc. De maneira que non e certo que haxa liñaxes altas e baixas, as liñaxes teñen todas a mesma altura. O que en realidade situaba a unhas familias por riba de outras era a cantidade de fincas e outros bens que posuían.

Estes nobres eran propietarios da maior parte da terra que había nas aldeas. E como eles non se afacían a traballala, emprestaban ós aldeáns a cambio dunha parte da colleita ou de cartos, que todo lles valía. Os labregos esforzábanse así moito, para poder pagar este prezo e sacaren ademais froitos para o propio sustento.

Nas cidades galegas os grandes señores eran os bispos, que desde as catedrais gobernaban ó seu xeito, cobrándolle trabucos, é dicir impostos, ós que exercían un oficio.

A vida naqueles tempos non era fácil. No século XIV viñera un clima desastroso, chuvias fóra de tempo, sarabias, fríos, xeadas e todo canto non deixa medrar os produtos do campo. As colleitas foron tan ruíns que nin se collía centeo para facer pan nin nabizas para un caldo quente.

A miseria estendeuse por todo o reino e morreu moita xente de fame. Por se fora pouco, penetrara en Galicia unha enfermidade contaxiosa que xe se estendera por toda Europa, procedente de Crimea: A Peste Negra.

Esta terrible epidemia levou do mundo á terceira parte dos galegos: homes e mulleres, vellos e rapaces, labregos e burgueses, e mesmo señores e bispos, que tamén a eles chegou a penuria. Pero non foron só a miseria e a peste os males que azoutaron Galicia.

Por riba a xente tiña que aturar os asaltos dos ladróns diariamente que dominaban os camiños, veciños miserentos estes que roubaban para comer, expoñéndose os coitados a morrer na forca, se caían na man da xustiza. Pero a delincuencia máis brutal, contra a que a xustiza non facía nada, era a das bandas de malfeitores que organizaban señores e bispos.

Estas bandas tiñan o acubillo nos mesmos castelos, e a parte máis substancial do que sacaban ía parar as arcas dos seus propietarios.

Desamparados pola xustiza e cansos de que as bandas acubilladas nos castelos lles roubasen os bois, as bestas, os cartos e todo canto lles antollase, os sufridos habitantes das cidades, unidos ós labregos, acordaron organizar asociacións de veciños co fin de establecer a orde en toda Galicia.

A estas xuntas chamáronlle "**Irmandades**" e nelas discutían os participantes a maneira de loitar contra as bandas organizadas e acabar para sempre co terror dos seus "cabecillas", nobres e

bispos. Cada vila ou cidade organizou a súa irmandade e en cada unha delas elixían os procuradores que as representasen na xunta de irmandades do reino de Galicia.

As irmandades estaban formadas polos "**irmandiños**": zapateiras, barbeiros, xastres, modistas, labradoras, etc. Os cuadrilleiros eran os xefes militares das irmandades, mandando cada un deles cen irmandiños armados. Os cuadrilleiros e máis o alcalde eran tamén os que xulgaban ós malfeitores, e para se distinguiren portaban un bastón chamado vara de xustiza.

O tesoureiro era o contable, e, como nada se fai sen cartos, cobraba unha cota a cada membro para atender os gastos da irmandade: compra de armas, bestas, lanzas, escudos, alimentos para os desprazamentos, bestas de carga, en fin, todo o necesario para levar un exército dun lado para o outro.

A primeira en actuar foi a Irmandade de Ferrol. En 1431 os irmandiños de Ferrol e Pontedeume, dirixidos por **Roi Xordo**, erguéronse contra o señor de Andrade, que pretendía cobrar un tributo especial.

Pasados uns anos, unha nova irmandade estendeuse logo por Galicia, miles de homes e mulleres, berrando "viva a Santa Irmandade, morran os cabaleiros e cregos". Marcharon enfurecidos contra os castelos e palacios. Era o ano 1467.

Foi tan enorme o exército irmandiño, que os señores e bispos, sorprendidos e atemorizados, a penas ousaron enfrontarse a eles. O exército popular asaltou as fortalezas, botando abaixo os muros defensivos, que derribaban os pedreiros prendendo lume en estacas e odres vellos que introducían entre as pedras da base. Os señores, entre os que se atopaban **Pedro Madruga** e o Arcebispo **Fonseca**; incapaces de someter a revolución irmandiña, tiveron que fuxir a Portugal.

Vencida e fuxida pois a nobreza. As irmandades tomaron o mando de Galicia, adicándose logo a poñer orde nos camiños e a xulgar a señores e bandoleiros, moitos dos cales non conseguiran escapar. En curto tempo non só acabaron as irmandades con todos os malfeitores e os arrastraron ó patíbulo, aforcándoos ou asaetándoos, senón que se apoderaron de fortalezas consideradas inexpugnables. Finalmente aterrorizaron de tal maneira ós ladróns, que poido un camiñante andar solitario cargado de diñeiro sen correr perigo ningún.

Pero a nobreza, agachada en Portugal, non se resignaba a perder os seus antigos privilexios. Así que Pedro Álvarez de Soutomaior, máis coñecido por Pedro Madruga, falou cos seus parente e amigos, entre os que se atopaba o rei de Portugal, e pediulles axuda para recuperar as terras e fortalezas que deixara en Galicia.

Dixéronlle todos que si, que o socorrían. De maneira que na primavera do ano 1474, Pedro Madruga, pasou o Miño entre o rechouchío dos paxaros, que nunca se enteiran dos feitos que están a cambiar a historia, con cen lanceiros cabaleiros e dous mil peóns, disposto a recobrar o que lle quitaran as irmandades.

Os veciños de Tui e Ourense alertados pola entrada en Galicia do exército de Pedro Madruga, atravesáronse no camiño en número de cinco mil, coa intención de o prender. Mais o señor de Soutomaior, que coñecía ben a táctica militar, acometeunos con tal contundencia que os venceu, seguindo logo con dirección a Pontevedra, Camiño de Compostela.

Os pontevedreses quixeron opoñerlle resistencia, pero Pedro Madruga, logo de atemorizalos mostrándolle as súas forzas en perfecta orde de batalla, pasou o Lérez na baixamar

andando de presa cara a Santiago. Alí uniuse as tropas do Arcebispo Fonseca, que tamén viñera a Galicia a recuperar as súas propiedades, e estableceron o cerco da cidade, daquela amurallada.

A defensa da cidade de Santiago de Compostela dirixiuna o capitán **Pedro Osorio**, á fronte de dez mil irmandiños. Foron tan duras as batallas que alí se deron que ate o propio arcebispo Fonseca houbo de morrer dun saetazo nunha perna.

Pero os irmandiños non puideron resistir o acoso da cidade e, logo de perderen moitos deles a súa vida, víronse obrigados a presentar a rendición. A revolución irmandiña, que quixera construír en Galicia unha sociedade mais xusta, quedou esmagada para sempre.

Uns cuantos irmandiños intentaron resistir na torre da Lanzada, pero o poderío dos señores, e a axuda dun traidor acabaron logo con eles.

Xa postos outra vez nos seus castelos e pazos, os vellos señores tomaron de novo o goberno de Galicia.

Pedro Osorio e outros capitáns irmandiños foron executados.

Os membros das irmandades, aqueles zapateiros, modistas, xastres, barbeiros, taberneiros,... que xunto os labradores, loitaron por unha vida mais digna, tiveron que erguer a súa conta os derribados muros das fortalezas. Os veciños, vixiados por rexos gardas, espremeron o suor carretando pedra, cal, area, sen dereito a comida nin cousa ningunha. Por riba disto tiveron tamén que pagar, por orde dos abades, cento vinte maravedís para os gastos de reconstrución.

**(Publicado en “Tradicional Romaría de Darbo”. Setembro, 1997)**